

COLOCACIÓN DO PRONOME ÁTONO

A regra xeral di que o pronome átono sitúase **despois do verbo**, unido directamente a el sen guión.

Ex. Antón regaloume unha flor

Aquel día levoulles caramelos ós rapaces.

- Non se pode confundir o pronome coa segunda forma do artigo xa que esta vai ligada ó verbo mediante guión e precisa sempre dun substantivo: mercáche-lo coche?

Pero esta regra unha serie de **EXCEPCIÓNS** nas que o pronome se sitúa **antes de verbo** :

1. Nas oracións negativas (todas aquelas que leven unha partícula que negue)

Ex. Non o coñezo nin o quero coñecer

Xamais o direi e ninguén o saberá

Nunca o atoparán e nada me poderán facer

(se houbera unha pausa entre a negación e a oración considéranse independentes: Ex. non, prométoche que non)

2. Nas oracións desiderativas e dubitativas.

Ex. Oxalá o atopen pronto

Deus o queira

Quizais o atopen pronto

3. Nas oracións introducidas por un pronome ou adverbio interrogativo ou exclamativo; de non levar estas partículas a oración segue as regras xerais de colocación do pronome.

Ex. canto che custou? cfr. custouche moito?

quen mo dera! cfr. traerasme iso!

onde o viche? cfr. víchelo na rúa?

4. Nas oracións nas que o verbo vai precedido por determinados indefinidos como: algo, alguén, ambos/as, entrambos/as, bastante, mesmo, calquera, todo (a, os,as)

Ex. Algo lle faría e alguén o descubrirá

Calquera lle di algo

Todos lle trouxeron un agasallo

5. Nas oracións nas que o verbo vai precedido por determinados adverbios: xa, tamén, sempre, aínda, axiña, en seguida, de seguida, quizais, seica, disque, acaso, ata, case, incluso, velaquí, velaí, só

Ex. Tamén che contei a historia e axiña lle foches a todos co conto

Sempre me dis o mesmo e xa o sei

(en ocasións adverbios que acostuman a ir despois do verbo se sitúan antes por razóns expresivas e poden modificar a colocación do pronome

Ex. Mal te vexo, compañeiro / Cedo o recibes

6. Nas oracións subordinadas (aquelas que van introducidas por: que, porque, cando, se, polo tanto, aínda que, a pesar de que, como, etc)

Ex. Dixo que mo deras inmediatamente porque o necesito

Se me traes os ovos pronto, poderei facer o pastel

Regaloucho porque che gustaba.

7. No caso de combinarse dous verbos o pronome pode ir ligado a calquera dos dous. De haber elemento de unión admite tres colocacións (respectando sempre as regras xerais)

Ex. Vouno mercar hoxe/ vou mercalo hoxe

Hai que facelo / haino que facer / hai que o facer.

Completa con TE/CHE

Parece que ____ chamaron ____ por teléfono.
Podería ____ contar ____ todo o asunto.
Non ____ daría _ os vinte pesos.
Ti de min non ____ esqueces ____ _aseguro ____ que non!
____poño ____ axiña no teu posto.
____poño ____ o libro no ande!.

O profesor ____ botou ____ fóra da clase.
O profesor ____ botou _ os libros na mesa.
Se non ____ encamiñas ____ _ben, perderás o rumbo
Aquel de alí ____ vendeu ____ por case nada.
O comerciante ____ vendeu ____ uns produtos en mal estado.
O gánster ____-suxeriu ____ que ____ mancaría ____ se _ vía ____ rondando aquel bar.
O vello ____ nomeou ____ herdeiro e tamén _ designou ____ un testamenteiro
Mentres ____ --declaraba ____ que o seu amor nunca ____ abandonaría ____ miraba para outro lado.

Coloca o pronome no seu lugar. Xustifica a resposta

1. Xa darei cando poida. (vos,a)
2. Eu escoitei como dicía aos teus parentes .(lles,a)
3. Antes lía pola noite. (che,a)
4. O mecánico non recambiou no día. (nos,o)
5. Este non comprei porque non levaba cartos. (lles,o).
6. O reloxo nunca quixo dar por medo a que estropease. (me,o) (lle,o)
7. Se entrega (as chaves), deberíades de dicir. (vos,as) (me,o)
8. Os libros cando envíe por correo, farei saber axiña. (lles,os) (che,o)
9. A inxección non puxo porque non mandaron da farmacia. (nos,a) (lle,a)
10. Tan axiña como conceda, podes tirar á cara. (che,o) (lle,o).
11. Entrou no bar e crebou sen dicir palabra. (che) (lles,os)

Substitúe os complementos polo pronome correspondente e colócao no seu sitio

1. Dixo toda a verdade á xuíza.
2. Alguén contou a Lourenzo esa historia.
3. O bispo sempre bota unha beizón para os fregueses.
4. Só por lle devolver a carteira. o inspector mobilizou todos os policías para a actriz.
5. O opositor tiña que comentar os dous primeiros parágrafos do texto aos membros do tribunal.
6. O cociñeiro só fixo para o presidente caldeirada de rabada e touciño do ceo.
7. Calquera conta iso ó teu pai.
8. Tamén merquei unhas tortas estupendas para o Dinís porque eu ben sei que é un lambón.
9. Todos prepararon uns disfraces para as rapazas.
10. A cantante viaxaba a Londres para presentar todas as gravacións aos axentes
11. Di que aquela saia dá a Carme un aire máis esvelto.
12. Quizais botei sal de máis á comida.

Coloca o pronome no seu sitio e xustifica a colocación (se hai....elixe entre te/che)

- a) Cando.....dixeron.....non.....podía crer.....porquedixemos.....miles de veces que era mellor que arraxara a alarma pero nonfixo.....e agora xa non ten remedio (me, mo, lle, o)
- b) Sempre.....diso mesmo e xa.....aburre.....un pouco; comovoucrer seenganas.....coas túas palabras (me, me,, me).
- c)comentaron.....que.....deran.....un premio pola investigación que fixemos sobre o entroido, xa.....parecíaque o traballo estaba moi ben. Creo quemerecemos.....ese recoñecemento porque.....esfozamos.....moito. (me, nos, me, nos, nos)
- d) Oxalá.....concedan.....esa beca porqueparece.....é moi importante para ti. Sedan.....irás estudar fóra? (.....)
- e)mordeu.....o can do veciño? Nonpodocrer, sempre.....ten.....controlado e parece un can tranquilo.fixo.....moito dano ? (... , o,...)
- f) Calquerafala..... co enfadado que está. Alguéndebería dicir.....que nós non somos os responsables do que pasou. Quenquere.....facer. Quizaisdeberíamosfalar todos xuntos (lle, lle, o, lle)

